

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 12 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes á prórroga do programa Isidro Parga Pondal (nova adxudicación do ano 2009) no marco das accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-Incite (2006-2010) para o ano 2012, e se procede á súa convocatoria.*

Mediante o Decreto 89/2011, do 31 de marzo, que modifica o Decreto 332/2009, do 11 de xuño, de establecemento da estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, de establecemento da estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria transfírense á Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diversas competencias en materia de investigación universitaria.

O Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-Incite (2006-2010) recollía as accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos (RHS). Un destes programas é o Isidro Parga Pondal de axudas á incorporación de doutores cunha formación posdoutoral contrastada en organismos públicos de investigación. Aínda que este plan xa non está en vigor, recollíase nel a posibilidade de convocar a prórroga do programa Isidro Parga Pondal para a concesión de 2009.

Ademais, esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no Sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres. Por isto, as axudas que se regulan nesta convocatoria terán en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de forma que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

Atendendo a estas consideracións xerais e en virtude da súas competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria procede á convocatoria das axudas correspondentes á prórroga do programa Isidro Parga Pondal (nova adxudicación do ano 2009), para o ano 2012.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

**Artigo 1. *Obxecto da convocatoria***

Esta orde establece as bases polas que se rexerá a concesión das axudas da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, correspondente ás prórrogas que se inician en 2012 do programa Isidro Parga Pondal (nova adxudicación do ano 2009), encadradas no Programa de recursos humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-Incite (2006-2010), e procede á súa convocatoria. O obxecto do programa Isidro Parga Pondal é a contratación de doutores cunha formación posdoutoral contrastada nas universidades do SUG.

**Artigo 2. *Beneficiarios e solicitantes***

Poderán ser beneficiarias das axudas desta convocatoria as universidades do SUG que prorroguen os contratos en vigor subscritos coas persoas seleccionadas no programa Isidro Parga Pondal da convocatoria de 2009, a través dun contrato laboral de acordo co que establece o texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, en virtude do cal a persoa seleccionada quedará vinculada á universidade onde desenvolva a súa actividade, asumindo ambas as partes as obrigas contractuais que deriven del, e que en todo caso se adecuarán ao contido da solicitude de axuda.

**Artigo 3. *Importe, número e duración das axudas***

A duración das prórrogas do programa Isidro Parga Pondal será dun máximo de dous anos. Os contratos establecidos ao abeiro das ditas axudas terán a mesma duración máxima, e desenvolveranse nas datas que se indiquen na correspondente resolución de adxudicación, que terá que ser entre o 27 de decembro de 2012 e o 31 de decembro de 2014.

O número máximo de axudas que se poderán outorgar será de 18, que corresponden á totalidade das axudas viventes na actualidade.

A axuda concedida para cada contrato será de 34.200 € por ano de contrato, incluíndo neste importe a retribución bruta anual do contrato e o pagamento dos custos sociais. Se a

entidade preceptora dos fondos formaliza un contrato que implique unha contía bruta superior a 34.200 € anuais, deberá achegar a diferenza. A cantidade que achegue a institución poderá proceder dos seus orzamentos ou doutras axudas públicas ou privadas que reciba.

A primeira anualidade dos contratos comezará a computarse na data que se indique na resolución desta convocatoria, que non será anterior ao 27 de decembro de 2012.

Os importes das axudas só poderán ir destinadas ao financiamento das prórrogas dos contratos do programa Isidro Parga Pondal do ano 2009, incluíndo os seus custos sociais. En ningún caso serán exixibles á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria outras obrigas que o cumprimento das condicións da subvención ou axuda nos termos sinalados nesta convocatoria.

En todo caso respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE, durante o período de programación 2007-2013, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo.

Nos contratos deberá facerse referencia expresa:

a) Ao seu financiamento con cargo ao programa Isidro Parga Pondal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e, de ser o caso, ao seu cofinanciamento polo Fondo Social Europeo.

b) Á data de incorporación efectiva da persoa contratada ao seu posto de traballo.

c) Á retribución bruta anual, ao lugar de prestación de servizos e á duración do contrato.

Ademais dos dereitos de carácter xeral que se sinalan no artigo 5.1 do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, as persoas contratadas polas universidades mediante as prórrogas do programa Isidro Parga Pondal teñen dereito a beneficiarse dos dereitos de carácter laboral, así como dos relativos aos da seguridade social, que se deriven do contrato que formalicen coa universidade de adscrición.

#### Artigo 4. *Formalización e presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no DOG. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

As solicitudes axustaranse ao modelo oficial que se achega no anexo I desta orde xunto co anexo II de declaracións responsables, que están ao dispor dos/as interesados/as na internet na epígrafe <http://www.edu.xunta.es> (na epígrafe da Secretaría Xeral de Universidades), e presentaranse no rexistro único da Xunta de Galicia ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias. Se no uso deste dereito, a solicitude é remitida por correo, presentárase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo persoal de Correos antes de que proceda á súa certificación. A solicitude irá asinada pola persoa candidata ao contrato de prórroga do programa Isidro Parga Pondal ou polo/pola seu/súa representante legal e levará o visto e prace da autoridade que representa legalmente a universidade en que o/a candidato/a será contratado/a no caso de concedérselle a prórroga.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas ou polos seus organismos ou sociedades, consonte o documento que se inclúe no modelo de solicitude (anexo II).

b) Declaración responsable da universidade de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Currículo actualizado da persoa contratada no modelo normalizado en soporte CD ou similar (formato PDF), acompañado dos documentos xustificativos (copia compulsada) dos méritos alegados no currículo que obtivesen durante o contrato Parga Pondal. As copias de publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos etc., deberán incluírse no soporte CD ou similar. O currículo complementarase cun documento índice detallado de cada un dos méritos alegados e xustificados que permita unha doada identificación de cada un deles.

d) Memoria (extensión de 1.000-2.000 palabras), asinada pola persoa contratada, relativa á actividade investigadora desenvolvida nos anos que foi contratada no programa Parga Pondal. Nesta memoria deberase facer fincapé expreso nos seguintes aspectos:

d.1. Achegas en forma de artigos orixinais, libros ou capítulos de libro, sobre todo naquelas achegas en que a persoa solicitante sexa responsable do traballo ou principal

executor/a. Deberase facer unha breve recensión (de non máis de 500 palabras) da relevancia das achegas deste punto.

d.2. Actividade do solicitante no liderado de grupos de investigación, liñas de traballo ou de obter financiamento en convocatorias públicas competitivas das administracións públicas ou de entidades privadas sen ánimo de lucro, sinalando ademais os resultados do grupo investigador que dirixe.

d.3. Patentes rexistradas, destacando especialmente a extensión da protección da patente nacional, europea ou polo Tratado de Cooperación de Patentes (PCT).

d.4. Actividade formativa do/da destinatario/a da axuda, especialmente a relacionada coa formación de doutores/as e a dirección de teses de doutoramento.

e) Plan de traballo (cunha extensión de 1.200-2.000 palabras e asinado pola persoa contratada) das actividades académico-investigadoras que a persoa propón realizar durante o período de prórroga do seu contrato.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e o consentimento á Administración para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. A reserva que puiden facer o solicitante no senso de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas seleccionadas e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e seleccionados/as e da súa publicación na citada páxina web.

De conformidade co artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación das solicitudes comportará a autorización da universidade ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, polo que queda liberado o beneficiario de achegar a correspondente certificación.

### Artigo 5. *Tramitación*

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades.

Os servizos da Secretaría Xeral de Universidades comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán a lista de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, se é o caso, as causas de exclusión, na internet, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/>

Esta lista estará exposta por un período de 10 días naturais, e as persoas interesadas poderán, durante ese mesmo prazo, formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos ante a Secretaría Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que o/a interesado/a desiste da súa petición nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación da solicitude presentada, con independencia de que poidan acordarse outro tipo de actuacións.

### Artigo 6. *Avaliación e selección*

A selección das solicitudes será realizada por expertos externos ao Sistema universitario de Galicia, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 4 alíneas c), d) e e) desta convocatoria. Os avaliadores darán a cualificación de «apto» ás solicitudes que obteñan unha puntuación superior a 60 puntos, de acordo cos criterios que se recollen na seguinte táboa dividida en dúas modalidades segundo o ámbito de coñecemento ao que se pertenza:

- Modalidade A: Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura e Ciencias da Saúde.
- Modalidade B: Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas.

Critério	Puntuación máxima Modalidade (A)	Puntuación máxima Modalidade (B)
Plan de traballo que o solicitante propón realizar durante o período de prórroga do seu contrato	30	30

Critério	Puntuación máxima Modalidade (A)	Puntuación máxima Modalidade (B)
Artigos orixinais, libros ou capítulos de libro	20	30
Actividade do solicitante no liderado de grupos de investigación, liñas de traballo e obtención de financiamento en convocatorias públicas competitivas, sinalando ademais os resultados do grupo investigador que dirixe	20	20
Actividade formativa do solicitante, especialmente a relacionada coa formación de doutores e a dirección de teses de doutoramento	15	15
Patentes rexistradas	10	
Melloras no currículo do solicitante durante a súa permanencia no programa Isidro Parga Pondal	5	5

A avaliación farase chegar á comisión de selección, que lles sumará 2 puntos aos/ás solicitantes que superasen a puntuación mínima e se comprometesen ao emprego da lingua galega, e que elaborará a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria e a dispoñibilidade de recursos.

A comisión de selección estará constituída por sete membros:

– O titular da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en que delegue, que actuará como presidente da comisión.

– Serán vogais da Comisión:

- O/a subdirector/a xeral de universidades da Secretaría Xeral de Universidades, ou persoa en que delegue.

- O/a subdirector/a xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria da Secretaría Xeral de Universidades, ou persoa en que delegue.

- Tres persoas de recoñecido prestixio nas principais áreas de coñecemento das solicitudes presentadas a esta convocatoria, nomeadas polo/a presidente/a da comisión de selección.

- Un/unha xefe/a do servizo da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará como secretario/a da comisión.

#### Artigo 7. *Resolución*

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle ao titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A comisión de selección elevará a proposta

de resolución, que incluírá, para cada universidade beneficiaria, a relación de persoas seleccionadas, ao titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e establecerá, para o ano 2012, as modificacións salariais previstas no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo (BOE do 14 de xullo).

Todas as solicitudes serán resoltas no prazo máximo de seis meses, contados desde a publicación da presente orde. A non resolución en prazo faculta os interesados para entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución expresa ou presunta que poña fin á vía administrativa, poderá ser impugnada polos interesados mediante recurso potestativo de reposición ante o titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

A documentación presentada das solicitudes denegadas ou desestimadas poderase recuperar, no prazo dun ano a partir da publicación da concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Pasado ese prazo, aquela documentación que non sexa recollida será destruída, agás a que fose obxecto de recurso.

A aceptación da axuda supón a publicación na lista de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006, da Comisión Europea.

Unha vez publicada a resolución no DOG, as universidades beneficiarias procederán á contratación das persoas seleccionadas mediante a formalización de contratos laborais de acordo co que establece o texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

#### Artigo 8. *Libramento da subvención*

As universidades, como beneficiarias e como contratantes das persoas seleccionadas, serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes e serán as preceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.



Para proceder ao o libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente remita a xustificación da axuda nos termos que a continuación se indica:

– Copia compulsada dos contratos asinados ou do documento acreditativo da sinatura da prórroga, no prazo dun mes contado desde a publicación da resolución de concesión da prórroga.

– Na data límite do 10 de agosto 2013, copia de nóminas, recibos de pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social das persoas contratadas correspondentes ao mes de decembro do ano 2012 e ás mensualidades de xaneiro a maio de 2013, ambos meses incluídos.

– Na data límite do 20 de decembro de 2013, copia de nóminas, recibos de pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social correspondentes ás mensualidades de xuño a outubro de 2013, ambos meses incluídos.

– Na data límite do 10 de agosto de 2014, copia de nóminas, recibos de pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social correspondentes ás mensualidades desde novembro de 2013 a maio 2014.

– Na data límite do 20 de decembro de 2014, copia de nóminas, recibos de pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social correspondentes ás mensualidades de xuño a outubro de 2014, ambos meses incluídos.

– Na data límite de 10 de marzo de 2015, copia de nóminas, recibos de pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social correspondentes ás mensualidades pendentes ata a finalización do contrato.

Para os casos de meses incompletos, o cálculo do importe correspondente a esa fracción de mes realizarase dividindo o importe máximo anual entre 365 días e multiplicando o resultado polo número de días traballados nese mes.

O cofinanciamento co Fondo Social Europeo (FSE) implica que os/as beneficiarios/as das axudas deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Achegar copia do contrato, nóminas, recibos de pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social dos contratados.

b) Manter unha separación contable adecuada dos gastos da subvención que facilite a pista de auditoría, así como conservar a documentación por un período de tres anos a

partir do peche do Programa operativo 2007-2013, tal como se define no artigo 89.3 do Regulamento 1083/2006, do Consello.

c) Cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 e comunicar aos contratados/as o cofinanciamento polo FSE do custo subvencionado do contrato.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Para efectuar o último pagamento, as persoas contratadas e as universidades beneficiarias presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Poderán realizarse pagamentos parciais á conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente.

Nos proxectos plurianuais enténdese que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde o final de período de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderán presentarse como xustificante para o cobramento desta anualidade. A data límite para presentar a xustificación para o último pagamento de cada anualidade será o 20 de decembro, excepto na última anualidade, que será o 10 de marzo de 2015. En todo caso, a data de finalización dos contratos non poderá ser posterior ao 31 de decembro de 2014.

**Artigo 9. *Modificación da resolución de concesión de axudas, réxime de concorrencia e renuncias e interrupcións***

Poderase modificar a resolución de concesión da axuda, tal como se especifica no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando se alteren as condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, pola obtención

concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais. Por iso, cando o/a solicitante reciba outros fondos cos mesmos obxectivos que os establecidos nesta convocatoria, deberá de poñelo en coñecemento da Secretaría Xeral de Universidades.

As axudas concedidas serán compatibles con outras axudas ou subvencións, de acordo co establecido na normativa aplicable. Esta compatibilidade estará limitada nos seguintes casos:

a) Cando o importe das axudas concedidas, illadamente ou en concordancia con outras, supere o custo elixible da actividade subvencionada. Por iso, cando a universidade beneficiaria reciba outros fondos cos mesmos obxectivos que os establecidos nesta convocatoria, deberá poñelo en coñecemento da Secretaría Xeral de Universidades.

b) Cando o beneficiario ou a persoa que se contrate teña concedida outra axuda desta consellería para a mesma actividade.

c) Cando o beneficiario ou a persoa que se contrate teña concedida outra axuda na cal os mesmos gastos sexan cofinanciados por fondos procedentes do mesmo ou outro instrumento financeiro comunitario.

As persoas contratadas con cargo a estas axudas non poderán compatibilizalas con outras que teñan a mesma finalidade nin coa realización doutro traballo remunerado.

Non obstante, a persoa contratada poderá recibir bolsas que se convocan para cubrir algunha das accións formativas que vai realizar segundo o seu plan de traballo (asistencia a reunións, congresos, seminarios e cursos de especialización ou estadias noutros centros para aprender ou intercambiar técnicas de investigación). Neste caso será preciso que a universidade en que a persoa está contratada presente na Secretaría Xeral de Universidades, para a súa autorización se procede, unha breve memoria descritiva dos traballos, acompañada dun informe, con indicación expresa de que as ditas bolsas son compatibles co seu traballo e co contrato asinado.

O persoal investigador contratado ao abeiro das axudas desta prórroga do programa Isidro Parga Pondal estará suxeito ao establecido na lexislación vixente. Calquera interrupción dos seus contratos debe ser previamente comunicada e autorizada pola Secretaría Xeral de Universidades.

No caso de que a persoa seleccionada perda a condición de contratada/a unha vez percibidas as axudas pola súa universidade, procederáse consonte o establecido no artigo 38 de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, a universidade beneficiaria deberá comunicar a renuncia, mediante escrito motivado da persoa seleccionada, dirixido ao secretario xeral de Universidades, nun prazo mínimo de 15 días naturais antes de que se produza.

Se a comunicación da renuncia se efectúa con posterioridade ao prazo mínimo citado no parágrafo anterior, descontarase a mensualidade completa correspondente á data en que debería ter realizada a comunicación escrita da renuncia ou, de ser o caso, as mensualidades completas se a renuncia se tiver que realizar no mes ou meses anteriores. Se xa estivesen realizados os pagamentos, procederá a súa devolución, así como á dos xuros de demora xerados.

Durante a vixencia do contrato, a súa suspensión en virtude das causas previstas nos artigos 45 e 46 do Estatuto dos traballadores non comportará a ampliación da duración da axuda, agás as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade durante o período de duración do contrato, que interromperán o seu cómputo, de conformidade co establecido na disposición derradeira terceira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Neste caso, o tempo interrompido poderá recuperarse, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan. En ningún caso a recuperación do tempo interrompido poderá supoñer un aumento do importe da axuda concedida inicialmente e a cantidade correspondente á cota patronal da seguridade social do período prolongado correspóndelle asumila á universidade contratante.

#### Artigo 10. *Incumprimento, reintegros e sancións*

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Dereitos dos candidatos contratados*

As persoas contratadas con cargo ás axudas correspondentes a esta prórroga do programa Isidro Parga Pondal teñen dereito a percibir a axuda económica correspondente, a beneficiarse dos dereitos de carácter laboral e os relativos aos da Seguridade Social, que deriven do contrato que formalicen coa universidade contratante, así como a gozar dos dereitos e prestacións que ten o persoal do centro de similar categoría co obxecto de que cumpran as súas obrigas.

Artigo 12. *Obrigas dos candidatos contratados*

As persoas candidatas seleccionadas e contratadas mediante as axudas correspondentes á prórroga do programa Isidro Parga Pondal teñen as seguintes obrigas:

- a) Cumprir as condicións e obrigas establecidas nesta convocatoria.
- b) Aterse ao réxime interno ou de funcionamento da institución en que desenvolva as súas actividades, especialmente no relativo a condicións de traballo e normas de prevención de riscos laborais.
- c) As universidades beneficiarias poderán adscribir os/as destinatarios/as das axudas, baixo petición destes/destas, para prestar colaboracións complementarias tales como tarefas docentes, neste último caso ata un máximo de cento vinte horas anuais. O departamento implicado documentará debidamente a dita colaboración para os efectos de concurso e respectando a normativa vixente de incompatibilidades.

Artigo 13. *Obrigas das universidades de acollida*

Son obrigas xerais da universidade de adscrición do persoal investigador contratado ao abeiro destas axudas, sen prexuízo das derivadas da relación laboral que se estableza:

- a) Cumprir as condicións e obrigas establecidas nesta convocatoria.
- b) Proporcionarlles o apoio necesario e facilitarlles a utilización dos medios, instrumentos ou equipos que resultan precisos para o normal desenvolvemento da súa actividade.

c) Permitir a súa integración nos departamentos e institutos en que leven a cabo a súa investigación. Os centros onde se integren as persoas contratadas Isidro Parga Pondal estarán obrigados a garantirles os dereitos e prestacións que ten o persoal do centro de similar categoría co obxecto de que cumpran as súas obrigas.

d) No caso do persoal investigador contratado ao abeiro do disposto nesta orde, permitiráselle prestar, por petición propia, colaboracións complementarias, tales como tarefas docentes, neste último caso ata un máximo de 120 horas anuais. O departamento implicado documentará debidamente a devandita colaboración para os efectos de concurso e respectando a normativa vixente de incompatibilidades.

#### Artigo 14. *Control*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións. En particular, as universidades beneficiarias das axudas desta convocatoria deberán remitir, no prazo de seis meses contado desde a data límite de xustificación da última anualidade, coa finalidade de comprobar o impacto das axudas concedidas, unha breve explicación do traballo realizado por cada contratado, indicando o grupo, departamento e facultade a que está adscrito e a situación laboral en que queda ao remate do contrato.

Os beneficiarios desta prórroga deberán someterse, no segundo ano dela, a un proceso de avaliación por comités externos de avaliación para os efectos de obtención do certificado de cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica que impliquen unha traxectoria investigadora destacada. A documentación utilizada para tal acreditación será a que presenten coa solicitude desta prórroga, máis a documentación complementaria que especificamente se lles solicite.

Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas, do Consello de Contas e doutros organismos autonómicos, estatais e europeos con funcións de control sobre os fondos de cohesión e, en particular, de FSE.

#### Artigo 15. *Dotación orzamentaria*

As axudas imputaranse á aplicación orzamentaria 15.40.561B.444.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 e

anos sucesivos, na cal existe crédito adecuado e suficiente, coa seguinte distribución por anos:

Programa IPP (n.a 2009)	Nº prazas	Crédito (en euros)				
		2012	2013	2014	2015	Total
USC	9	0,00	256.500,00	307.800,00	51.300,00	615.600,00
UDC	2	936,99	57.000,00	68.400,00	10.463,01	136.800,00
UVIGO	7	0,00	199.500,00	239.400,00	39.900,00	478.800,00
Total	18	936,99	513.000,00	615.600,00	101.663,01	1.231.200,00

As axudas concedidas poderán ser financiadas polo FSE, no eixo 3, tema prioritario 74, no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, nunha porcentaxe máxima do 80 %. Por iso, as universidades beneficiarias destas axudas deberán cumprir as normas recollidas no Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión; no Regulamento (CE) nº 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao FSE e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1748/1999; as normas de información e publicidade dos fondos contidos no Regulamento 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro (L 371/1, DOUE do 27 de decembro de 2006), e no resto de normativa que resulte de aplicación.

En virtude do Real decreto 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público e que desenvolve para o ámbito galego a Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, consolidadas na Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, a contía das axudas recollidas nesta orde de convocatoria experimenta unha redución do 5 % en termos anuais, respecto á que se estableceu na súa orixinaria orde de convocatoria.

#### Disposición derradeira primeira

Esta orde sométese ao réxime de axudas públicas establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve.

## Disposición derradeira segunda

Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante o titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## Disposición derradeira terceira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2012

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>PRÓRROGA DAS AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE DOUTORES/AS EN                  UNIVERSIDADES DO SUG (PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL, NOVA ADXUDICACIÓN                  DO 2009)</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED603B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

Os campos sinalados con \* son obrigatorios.

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  DNI/NIE/PASAPORTE\*

DATA DE NACEMENTO  SEXO  HOME  MULLER NACIONALIDADE

ENDEREZO HABITUAL (RÚA, NÚMERO, ANDAR)  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO 1  TELÉFONO 2  CORREO ELECTRÓNICO

**NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditar a representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia dela)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  DNI/NIE/PASAPORTE\*

TELÉFONO  CORREO ELECTRÓNICO

**UNIVERSIDADE EN QUE OBTIVO O TÍTULO DE DOUTOR/A**

DOUTOR/A EN  DATA DE LECTURA DA TESE

UNIVERSIDADE DE  PAÍS

**UNIVERSIDADE EN QUE ESTÁ CONTRADADO/A**

UNIVERSIDADE/CENTRO

DEPARTAMENTO

FACULTADE/INSTITUTO

**DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA** (artigo 4 das bases reguladoras)

Currículo actualizado cun índice detallado dos méritos alegados.

Memoria asinada da actividade investigadora.

Plan de traballo das actividades académico-investigadoras propostas



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
 Secretaría Xeral de Universidades  
 San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela



**XUNTA  
 DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I  
(continuación)

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Dá expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, as persoas seleccionadas, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

Si  Non

De conformidade cos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) N° 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, se a súa solicitude de axuda resulta aprobada, o nome do beneficiario, a operación e o importe da axuda será obxecto de publicación.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 12 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes ás prórrogas do programa Isidro Parga Pondal (nova adxudicación do ano 2009) ao abeiro das accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-Incite (2006-2010) para o ano 2012, e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU DA PERSOA QUE  
O/A REPRESENTA

Lugar e data  
[ ] , [ ] de [ ] de 2012

VISTO E PRACE DA AUTORIDADE QUE REPRESENTA  
LEGALMENTE A UNIVERSIDADE

APELIDOS E NOME: [ ]

CARGO: [ ]

Lugar e data  
[ ] , [ ] de [ ] de 2012



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Universidades  
San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**DECLARACIÓNS RESPONSABLES**

Don/Dona  , con DNI/NIE/pasaporte

DECLARO (sinalar cun X o que proceda):

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Que solicitei e me concederon (ou está pendente de resolución de concesión) axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, como se indica a continuación:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATAS DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN (1)	

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

- (DECLARACIÓN OPCIONAL) Comprométome a utilizar a lingua galega en todas as relacións que, como consecuencia deste procedemento, manteña coa Administración, de acordo co establecido no artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

- CONSENTO que a Administración da Xunta de Galicia me realice as notificacións pertinentes mediante a utilización preferente dos medios telemáticos, nos termos establecidos na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 12, do 14 de xaneiro), de xeito que neste caso a notificación entenderase practicada para todos os efectos legais no momento en que se produza o acceso ao seu contido no enderezo electrónico.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade.

- Si  NON (neste caso achegar documentación)


Lugar e data  ,  de  de 2012

O/A DESTINATARIO/A DA AXUDA

O REPRESENTANTE LEGAL DA UNIVERSIDADE A QUE PERTENCE O/A DESTINATARIO DA AXUDA

Asdo.:

Asdo.:



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Universidades  
San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela